

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 2777/2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 27 de abril de 2022 N.º 095, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego para a cobertura temporal, da praza de oficial/a primeiro/a mecánico/a soldador/a do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal da praza de oficial/a primeiro/a mecánico/a soldador/a.

Vista a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as de data 27 de maio de 2022 do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base 9, que sinala “(...)Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento das probas de coñecemento de lingua galega aos aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes que figure nas presente bases

O Tribunal determinará a data, lugar e hora da realización desta proba, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios, páxina web municipal e taboleiro de anuncios dixital. Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas...”

Vista a base 10.1, que sinala “(...)A fase de oposición consistirá nun exercicio tipo test de 30 preguntas, máis 5 de reserva, con tres solucións alternativas, para realizar en 45 minutos a razón de 2 puntos por cada pregunta contestada correctamente, descontando 0,5 puntos por pregunta contestada incorrectamente...”

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro ou mediante vía telemática o **VENRES DÍA 03 DE MAIO DE 2022, ÁS 10:45 HORAS**, para a elaboración do exame da fase de oposición, así como a proba do coñecemento da lingua galega dos aspirantes non exentos de dita proba.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mío, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

